

## ***Acta da Comisión Permanente do día 16 de outubro de 2009***

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 16/10/2009.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 16/10/2009.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación dos cursos/actividades dos que se solicita validación por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión o 16 de outubro de 2009 ás 13 horas e 33 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 15 de setembro de 2009.**

A Comisión aproba por asentimento a acta da sesión celebrada o día 15 de setembro de 2009.

### **2. Aprobación, se procede, de validación/adaptación de materias.**

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

### **3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.**

A Comisión acorda aproba-los títulos e tribunais de proxectos fin de carreira que se relacionan no anexo III desta acta.

### **4. Concesión se procede de 7ª convocatoria aos alumnos que a solicitaron.**

Ao non terse presentado ningunha solicitude, pásase ao seguinte punto da orde do día.

## 5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

En relación á solicitude presentada por Don \_\_\_\_\_ na que solicita a validación de saídas realizadas coa SMG, e tendo en conta o acordo da Comisión Permanente celebrada o 9 de novembro de 2007, a comisión acorda concederlle o recoñecemento de 1,5 créditos de libre elección.

En relación á solicitude presentada por Don \_\_\_\_\_ na que solicita a validación de saídas realizadas coa SMG, e tendo en conta o acordo da Comisión Permanente celebrada o 9 de novembro de 2007, a comisión acorda concederlle o recoñecemento de 1 crédito de libre elección.

En relación á solicitude presentada por Don \_\_\_\_\_ na que solicita a validación da colaboración na exposición “O volframio en Galicia”, realizada pola SMG, e tendo en conta o acordo da Comisión Permanente celebrada o 22 de maio de 2008, a comisión acorda concederlle o recoñecemento de 1 crédito de libre elección.

A Comisión acorda validar o CICLO DE CONFERENCIAS “SANTA BÁRBARA 2009” por 1 crédito de libre elección.

A Comisión acorda recoñecer ao “1º Curso de Especialista en Geotermia Somera Aplicada a la Edificación” a celebrar en Madrid, os días 3 ao 5 de novembro de 2009, a validación de 2 créditos de libre elección.

En relación á solicitude presentada por Don \_\_\_\_\_ na que solicita a validación dun curso intensivo de portugués, a comisión acorda non concederlle o recoñecemento de ningún crédito de libre elección, por ter unha duración de 40 horas, inferior ao mínimo establecido por esta Escola nos cursos de idiomas (60 horas).

Sobre a solicitude de validación de prácticas en empresas realizadas no estranxeiro a Comisión acorda validar estas actividades ao seguinte alumnos cos créditos de libre elección que se indican:

<b>ALUMNOS</b>	<b>DNI</b>	<b>CRÉDITOS OUTORGADOS</b>	<b>ENTIDADE DONDE SE REALIZARON AS PRÁCTICAS</b>
		19,5	INSTITUT FUER WEBUNDWEKSTOFFE (Alemania)

Finalmente, a Comisión acorda recoñecer ao “CURSO SOBRE TÉCNICAS DE PROSPECCIÓN Y EXCAVACIÓN PALEONTOLÓGICA” e ao “SEMINARIO SOBRE TÉCNICAS BÁSICAS DE INTERPRETACIÓN ECOLÓGICA DEL REGISTRO PALEOBOTÁNICO” unha validación conxunta de 2 créditos de libre elección.



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



**6. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2009-2010.**

A Comisión Permanente acorda aprobar o seguinte calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2009-2010:

<i>Nº Referencia</i>	<i>Materia</i>	<i>Titulación</i>	<i>Destino</i>	<i>Nº previsto de alumnos</i>	<i>Data prevista da viaxe</i>
1	Explosivos	Enxeñaría de Minas	Berducido (Pontevedra)	25	20-11-2009
2	Estratigrafía	Enxeñaría de Minas	A Guarda	35	13-11-2009
3	Enxeñaría xeoambiental	Enxeñaría de Minas	As Pontes	matriculados	26-11-2009
4	Xeoloxía ambiental	Enxeñaría de Minas	Lousame	matriculados	__- 11- 2009
5	Xeoloxía ambiental	Enxeñaría de Minas	Cerceda	matriculados	30-11-2009
6	Xeoloxía ambiental	Enxeñaría de Minas	As Somozas	matriculados	__-11-2009
7	Tecnoloxía do medioambiente	Enxeñaría de Minas	Punta Promontorio. Mugar dos. Ferrol.	matriculados	__- 11- 2009
8	Tecnoloxía do medioambiente	Enxeñaría de Minas	Vigo	matriculados	__- 11- 2009
9	Laboreo e explosivos	Enxeñaría de Minas	Folgo do Courel	40	6-11-2009
10	Laboreo e explosivos	Enxeñaría de Minas	O Porriño	40	13-11-2009
11	Evaluación de impacto ambiental	Máster Tecnoloxía Medioambiental	Cerceda	15	
12	Xeotecnia	Enxeñaría de Minas	Carballiño ou Portas	20	12-01-2010
13	Sondaxes	Enxeñaría de Minas	Serrabal – Pico Sacro – Santiago de Comp.	40	15-01-2010



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



14	Mineralurxia	Enxeñaría de Minas	Salvaterra	20	13-01-2010
----	--------------	--------------------	------------	----	------------

**7. Rolda aberta de intervencións.**

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 46 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, dezaseis de outubro de dous mil nove.

Vº e praxe  
O Presidente

Pedro Arias Sánchez

O Secretario

Enrique Granada Álvarez



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO I**

**Convocatoria da Comisión Permanente do 16/10/2009**



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO II**

**Asistentes á Comisión Permanente do 16/10/2009**



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



<b>Asistentes á Comisión Permanente do 16 de outubro de 2009</b>
<b>Presidente da Comisión</b>
Pedro Arias Sánchez
<b>Secretario</b>
Enrique Granada Álvarez
<b>Subdirector</b>
Natalia Caparrini Marín
<b>Profesorado</b>
Celestino Ordóñez Galán
<b>Alumnos</b>
Javier Puga Alonso
Gema Gómez Pérez
Iván Veleiro Pinal



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO III**

**Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta  
Comisión Permanente**





Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



## **ANEXO IV**

**Documentación dos cursos/actividades dos que se solicita  
validación por créditos de libre elección**